

Cata Ribeira Sacra, o viño deste Nadal

A D.O. Ribeira Sacra ten en marcha a campaña ***"Ribeira Sacra, o viño deste Nadal"***. Ademais do concurso de fotografías que se está desenvolvendo na fanpage da Denominación, as próximas actividades serán as catas virtuais que imparte a sumiller, **Mercedes González Rodríguez**.

As catas desenvolveranse por streamig (**Zoom, Youtube, Facebook, Instagram**) os xoves 10 e 17 de decembro a partir das 19.00 horas. A participación na cata é aberta e de balde, pero é necesario inscribirse no correo comunicacion@ribeirasacra.org. Unha vez inscritos obterán a ligazón de Zoom e das redes sociais para poder seguir a cata e deixar as súas preguntas ou comentarios sobre cada viño.

O **xoves 10 ás 19.00 h** cataranse (inscricións ata 24 horas antes indicando que viño dos que participan é o que adquiriu o participante):

- **Asolagados** godello 2019 de Pilares de Belesar
- **Imbrice** blanco Summum 2019 de Rectoral de Gundivós
- **Cruceiro** Mencía 2019 de Ramón Marcos Fernández
- **Almanova** Mencía 2019 de Alma das Donas
- **Diego de Lemos** Mencía 2019 de Esther Teijeiro
- **Peza do Rei** Mencía 2019 de Adega Cachín
- **Regina Viarum** Mencía 2019 de Regina Viarum
- **Tolo do Xisto** Mencía 2017 de Tolo do Xisto
- **Vía Romana** barrica Mencía 2017 de Vía Romana
- **Cuesta de los Olivos** Mencía 2018 de Finca Millara

O **xoves 17 a las 19.00 h** cataranse (inscricións ata 24 horas antes indicando que viño dos que participan é o que adquiriu o participante):

- **Finca Cuarta** godello 2019 de Rubén Moure
- **Brandán** godello 2019 de Algueira
- **Décima** Mencía 2019 de José Manuel Rodríguez González
- **Casa Moreiras** Mencía 2019 de Casa Moreiras
- **Adega dos Beizos** Mencía 2019 de Óscar González Rodríguez
- **Mouro** Mencía 2019 de Belarmino Compañía de Vinos
- **Rectoral de Amandi** Mencía barrica 2017 de Rectoral de Amandi
- **Muras do Fortes** Mencía 2019 de J. Antonio Fortes López
- **Saíñas** Mencía 2019 de Javier Fernández
- **Sete Tolos** barrica Mencía 2017 de Víctor Manuel Rodríguez.



NOTA DE PRENSA 4 de diciembre 2020

Os viños para catar poden ser adquiridos en adega, tendas especializadas, supermercados ou a través de internet; na web de cada adega ou a través da cesta de compra á que se pode acceder desde a [web da D.O. Ribeira Sacra](#). Comparte desde a casa O Sabor dunha Paisaxe. Os vídeos destas catas en directo quedarán despois colgados nas diferentes redes desde as que se emitirá a cata.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org